

ASUNTO

XGL/2020/00006181Z

Convocatoria de sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de decembro de 2020.

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela:

Mercedes Roson Ferreiro
Gumersindo Guinarte Cabada
Milagros Castro Sanchez
Gonzalo Muiños Sanchez
Marta Abal Rodriguez
Jose Manuel Pichel Patiño
Jose Javier Fernandez Martinez

Convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar Casa Consistorial o día 28/12/2020, as 10:00 horas, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día una hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00006181Z.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/688/2020.

autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e concesión de licenza para a instalación dun ascensor nun edificio de vivendas

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 02/12/2020 solicitada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOUTOR MACEIRA 20 para a instalación de ascensor no edificio situado na RÚA DOUTOR MACEIRA (DE), 20 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) e remítese copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Concédesse á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOUTOR MACEIRA 21 licenza para a INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NUN EDIFICIO DE VIVENDAS situado na RÚA DOUTOR MACEIRA (DO), 21 SANTIAGO DE COMPOSTELA cun orzamento de execución material de 69.879, 63 €.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/130/2020.

Licenza de obra nova de supermercado na rúa CASTELA E LEÓN, 39.

Concédesse a VEGO SUPERMERCADOS, S.A. e LOCALES ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES, S.A. licenza de OBRA NOVA para construción dun SUPERMERCADO, denominación comercial EROSKI, na RUA CASTELA E LEÓN, 39, parcela I4a02 do Proxecto de reparcelación do Polígono da Sionlla, cun orzamento de execución material de 3.084.012,88 €. As actuacións consistirán en estación de servizo con zona de almacenamento de combustible e repostaxe, marquesiña, zona de lavado e aspirado, cafetería-restaurante e tenda, con planta soto e baixa, cunha superficie construída total de 1.753,59 m2 e ocupación en planta de 1.691,58 m2.

4. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/374/2020.

Aprobación do modelo de cartel das obras municipais
Apróbase a proposta.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/119/2020.

Proposta á xunta de goberno local de aprobación do proxecto de reurbanización da rúa DO HÓRREO NO ÁMBITO FRONTE Á ESTACIÓN INTERMODAL (documento pdf asinado dixitalmente por CRISTINA EZCURRA 33789188C en representación de EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA SLP B15879968 – 18/12/2020 13:27:56)

Apróbase o proxecto técnico de reurbanización da Rúa do Hórreo no ámbito da fronte da estación intermodal elaborado polas arquitectas CRISTINA EZCURRA DE LA IGLESIA E CRISTINA OUZANDE LUGO (EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SLP). Non poderá comenza a execución da obra en tanto que non se reciba a correspondente autorización da Demarcación de estradas do Estado.

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 412.224,96 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 490.547,70 €

O.B.L. + I.V.E. **593.562,72 €**

O prazo de execución previsto é de 5 meses.

6. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/00000140G.

Xustificación de gasto do convenio co IES ROSALÍA DE CASTRO BACHARELATO INTERNACIONAL.

Apróbase a xustificación do gasto por importe de 6.208 euros.

7. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/00000105S.

Xustificación de gastos do convenio coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES IV CICLO

Apróbase a xustificación do gasto por importe de 1.000 euros.

8. EMPREGO. Referencia: 00006140L.

Informe-proposta relativo á aprobación da xustificación e pagamento das actividades do convenio de colaboración entre o CONCELLO DE SANTIAGO E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), DA ANUALIDADE 2020.

Apróbase a xustificación do gasto por importe de 15.000 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/9/2017.

Prórrogas dos contratos administrativos do servizo de axuda no fogar (Exptes. 1/2018 e 2/2018).

Acórdase a aprobación das prórrogas dos contratos do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela (expedientes de contratación 1/2018 e 2/2018), dos que as entidades "SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L." para o LOTE I SANTIAGO-OESTE e "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A." (para o LOTE II SANTIAGOESTE) resultaron, respectivamente, adxudicatarias con data 14.02.2018.

As prórrogas terán efectos desde o 01.01.2021 ata o 13 de febreiro de 2021 coas seguintes cantidades:

- para a entidade "SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.", 171.150,42 euros polo gasto máximo prezo hora 15,583 euros (IVE incluído), servizo de axuda no fogar LOTE I SANTIAGO-OESTE, é dicir, ata un máximo de 10.983,15 horas.
- para a entidade "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.", 158.792,29 euros, polo gasto máximo prezo hora 15,943 euros (IVE incluído), servizo de axuda no fogar LOTE I SANTIAGO-ESTE, é dicir, ata un máximo de 9.960,001 horas.

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00006155B.

Dación de conta de sentenza favorable.

Dáse conta de sentenza favorable para o Concello, recorrible en apelación sobre o acordo de XGL sobre aprobación provisional da revisión de cotas nos proxectos de equidistribución SUNP 37.3 e 38. A sentenza estima os motivos de non admisión expostos polo Concello: que o acordo impugnado é un acto de trámite non cualificado, a partir do que se inicia a exposición pública; polo que non é impugnabile de forma independente; debendo realizarse, de ser o caso, co acordo de aprobación definitiva. En definitiva, estímase a excepción procesual, razón pola que o xulgado non admite o recurso e non entra no fondo da cuestión. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de 15

días seguintes á súa notificación. A demandante insistía, nas súas conclusións, en que se trataba dun acto de trámite cualificado porque viña a determinar o fondo do asunto. Non obstante, como sinala a sentenza, non hai a mínima proba sobre dita incidencia; polo que non semella que existan argumentos para fundamentar unha apelación.

11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00006181Z.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dáse conta.

URXENCIAS

.- Licenza para rehabilitar un baixo a unha vivenda da primeira planta nun edificio na Rúa Montero Ríos.

Concédesse a RIOS SANCHEZ E HIJOS PROMOCIONES SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o ANEXO ao "Proxecto de Rehabilitación de baixo comercial e unha vivenda en primeira planta e ampliación de 3 plantas e aproveitamiento baixo cuberta para 4 vivendas", a intervención proxectada no portal do edificio situado na RÚA MONTERO RÍOS (DE), 13 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), coas seguintes condicións:

- A ancoraxe da plataforma salvaescaleiras deberá realizarse unicamente no chan, evitando calquera suxeición no zócalo de mármore que reviste a parte inferior das paredes do portal.
- As dúas portas abatibles do cortaventos ou carpintería interior do portal deberán manterse permanentemente abertas para facilitar a utilización do salvaescaleiras por parte das persoas discapacitadas.

.- Licenza para rehabilitar unha vivenda na Rúa Basquiños.

Concédesse á ASOCIACION CULTURAL INTEGRAL, licenza para a REHABILITACIÓN DE VIVENDA situada na RÚA BASQUIÑOS (DOS) 51 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) cun orzamento de execución material de 119.859,00 €.

.- Licenza para construción dunha nave industrial para almacenamento e transformación de aluminio na Rúa Estremadura.

Concédesse a LAMINAR COIL S.L, licenza de OBRA NOVA para a construción de nave industrial destinada a referente a ACTIVIDADE DE ALMACENAMENTO E TRANSFORMACIÓN DE ALUMINIO, situado na RÚA ESTREMADURA Nº 14, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 335.165,13 €. As actuacións consistirán na construción dunha nave rectangular de planta baixa e entrechán de 40 x 45 metros para uso de almacenaxe e transformación de aluminio industrial cunha superficie construída total de 1980,40 m², ocupación de

1800 m2 e altura de 10 metros.

.- Licenza para construción dun edificio de 5 vivendas na Rúa do Ulla.

Concédesse a ASTERISCOS PATRIMONIAL SL, licenza para a construción de EDIFICIO de S+PB+ÁTICO PARA 5 VIVENDAS, TRASTEROS E PRAZAS DE GARAXE na RÚA ULLA (DO), 32 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 783.629,91 €.

.- Licenza para a substitución da galería de madeira dunha vivenda da Rúa Acibechería.

Concédesse a Dº ANTONIO OROIS VALIÑO licenza para substitución da actual galería de madeira en mal estado por outra nova, co deseño presentado na data 10/12/2020 (realizada en carpintería de madeira pintada en cor branca con follas practicables de apertura tipo guillotina e cunha subdivisión de vidros con parteluces simplificada con respecto ao estado actual) na planta segunda da fachada principal do inmovible da RÚA ACIBECHERÍA (DA), 17 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

.- Proposta da Asesoría para o personamento en varios procedementos xudiciais.

Acórdase o persoamento do Concello de Santiago de Compostela en varios procedementos tramitados polo Xulgado do Contencioso nº 2, para a defensa dos intereses municipais.